

## CONVOCATORIA DO VII CONCURSO DE LEMAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Con motivo da conmemoración do 25 de novembro *Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, convoca o *VII Concurso de Lemas contra a Violencia de Xénero*.

### BASES:

- Poderá presentarse a este concurso o **alumnado** da Universidade de Santiago de Compostela, matriculado no curso **2021-22**.
- O obxecto do concurso é a creación de lemas para a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero, en galego, orixinais e inéditos, cunha extensión máxima de **140 caracteres**.

**Lugar de presentación das solicitudes de participación:** Os lemas presentaranse na sede electrónica da USC, mediante o formulario en liña dispoñible na seguinte ligazón:

[https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/igualdade\\_LemascontraViolenciaXenero.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/igualdade_LemascontraViolenciaXenero.htm)

Como medio de identificación e sinatura deberán empregarse as **credenciais de estudante** da USC.

- O prazo de presentación remata o **2 de novembro de 2021**.
- **Procedemento do concurso e criterios de adxudicación:** O proceso do concurso poderase seguir a través do sitio web da Oficina de Igualdade de Xénero ([www.usc.gal/oix](http://www.usc.gal/oix)), onde se publicarán a listaxe de participantes, a composición do xurado, as persoas que resulten gañadoras, así como a forma de entrega de premios.
- **Xurado:** As persoas que formen parte do xurado terán experiencia en temas relacionados coa violencia contra as mulleres e a igualdade de xénero. O xurado resolverá todas as cuestións non previstas nestas bases e a súa resolución será inapelable. Se o considera conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos.
- **Premios:** Seleccionarase ata un máximo de seis lemas gañadores. O premio por lema gañador consistirá en 100 euros e diploma acreditativo. Estes premios están financiados con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade).

Concederanse tres premios por cada campus da USC. No caso de quedar deserto algún dos premios de calquera dos campus, poderá pasar a outorgarse no outro campus.

- As persoas que presenten lemas a este concurso, responsabilizaranse da orixinalidade e autoría dos mesmos. A participación fraudulenta dará lugar a exclusión inmediata da solicitude presentada sen prexuízo doutras responsabilidades que puideran esixirse pola mesma.
- A Universidade de Santiago de Compostela reservase o dereito de publicar e difundir os lemas presentados, resulten ou non premiados, recoñecendo a autoría dos mesmos.
- A presentación de lemas a esta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.*

*Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

A VICERREITORA DE IGUALDADE, CULTURA E SERVIZOS

(P.D., R.R. do 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020)

María do Mar Lorenzo Moledo

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

A <http://www.usc.gal/oix>

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA DEL MAR LORENZO MOLEDO, VICERREITORA DE IGUALDADE CULTURA E SERVIZOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/10/2021 10:41:22.

**CSV:** B616-E138-42E0-BC30